



**Gregorio SANZ**  
Avda. de Luarda s/n  
27700 -RIBADEO (Lugo)  
Teléfono/Fax: 982 128848  
[ceip.gregorio.sanz@edu.xunta.es](mailto:ceip.gregorio.sanz@edu.xunta.es)



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

## **ESTIMADOS PAIS /NAIS :**

Seguindo as instrucións recibidas da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de 9 de xuño sobre funcionamento de comedores escolares curso 2010/11 , diríxome a Vdes para informarlles do pagamento de comedor , enviando polo seu fillo/a os impresos para presentar o conseguinte ingreso na entidade bancaria autorizada pola Consellería de Facenda . Conservarán os xustificantes de “pagamento para os interesados”, presentando no centro nos 10 primeiros días de cada mes os xustificantes de “pagamento para a Administración” debidamente validados polas entidades de depósito para os efectos de complementar as posteriores comprobacións .

Igualmente as persoas interesadas poderán utilizar a oficina virtual tributaria: (<http://www.conselliadefacenda.es/web/portal/confeccion-impresos>) e realizar os pagamentos de xeito telemático .

**Contía dos prezos públicos** : Abono de 3,00 € por día de servizo ou 1,50 € por día de servizo nos supostos de bonificación do 50% do prezo público , á que haberá que sumarlle a que se derive da actualización correspondente do IPC do mes de xuño de 2010. De acordo coa disposición transitoria 1ª do Decreto 374/2009 , a primeira revisión do importe dos prezos terá lugar con efectos do 01/09/2010 .O pago mensual dos prezos públicos producirase nos cinco primeiros días do mes seguinte ao da prestación do servizo .O importe que os usuarios deberán aboar resultará de multiplicar o prezo que corresponda polo número efectivo de días de uso de comedor cada mes . Os usuarios deberán comunicar por escrito ao centro os días que non vaia facer uso do comedor cunha antelación mínima dun día.(entregar en secretaría ou administración de comedor).

### **Consecuencia da falta de pagamento dos prezos públicos :**

Os incumprimentos no pago de cada mes impedirán a utilización ao mes seguinte do comedor escolar, mentres non se proceda a oportuna regularización dos pagamentos para a cal contarase cun prazo máximo de 2 meses .

**NOTA:** Dado que ao comezo do curso escolar , non estaba totalmente operativa a aplicación informática de xestión de comedores , foi a causa que retrasou o proceso de entrega de impresos aos usuarios de pagamento neste mes .

**Para calquera aclaración , estamos a súa disposición personalmente no centro ou telefónicamente .**

Ribadeo 21 /10 / 2010

A dirección